

O Concello saca a concesión unha parcela para instalar pistas de pádel en Iñás

O Goberno local leva a cabo un completo programa de obras de seguridade viaria

Páxina 5



Concello de  Oleiros

As bibliotecas municipais retoman a actividade tras o parón estival

Páxina 20

Vivir en Oleiros

Número 42
Setembro 2013
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Vista do aspecto que terá o novo centro educativo de Nós desde as dúas fachadas principais



O Concello inaugura a praza en honor a Esther Pita

Páxina 9

Oleiros instala puntos de recollida para os aceites domésticos

Páxina 7

Oleiros concede á Xunta a licenza de obra para o novo colexio de Nós

■ O Goberno local concedeu a licenza de obra que permite á Xunta empezar a construír o novo centro de ensino en Nós. Este colexio cubrirá a demanda de prazas de educación primaria do noso concello. O centro escolar estará dotado de seis aulas de educación infantil e doce de primaria. Ademais contará con catro aulas de apoio, unha sala de usos múltiples, comedor e ximnasio.

Páxina 11

Un libro dixital recollerá a memoria dos nosos maiores

Páxina 16

A música en directo e o teatro, protagonistas na recta final do ano

Os concertos de música e o pase de obras teatrais centran a oferta cultural do Concello de Oleiros para o último trimestre do ano. Esta serie de espectáculos son o prato forte dunha axenda cultural que se completa coa tradicional feira do mel e coa mestizaxe étnica do festival de música Diversions.

Páxinas 20 e 21

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Móviles e redes

As desercións de axentes da espionaxe civil e militar, así como as filtracións e o descubrimento, por ex-funcionarios da banca suíza, dos capitais ocultos nos seus bancos e en paraísos fiscais, puxeron en evidencia o que algúns xa sabíamos pero que a inmensa maioría dos cidadáns descoñecían ou non querían crer.

Tiveron que ser os Falciani, os Snowden, os Assange, os Manning... quen lle abriaran os ollos ao mundo a través de informacións secretas sacadas á opinión pública e conseguidas nas redes de espionaxe. Os gobernos, o comercio, a industria, a banca, os cidadáns... caeron nas trampas dos globalizadores e non hai nada que se faga que non saiban os creadores deste sistema. É dicir, teñen atados de pés e mans os gobernos e a economía, xogando coa información privilexiada controlan calquera tipo de movemento social ou político así como o mercado mundial.

Grazas a esa información privilexiada manexan os gobernos e os grandes emporios á súa vontade e conveniencia, quitan e poñen presidentes: Grecia, Italia..., dobregan gobernos e dirixen as políticas de países: Portugal, España, Irlanda..., provocan cruentas guerras civís en territorios contrarios ás súas políticas, con sms, convocando con consignas a poboación: Tunisia, Libia, Siria, Exipto... Alguén sabe quen convocou o 15-M ou o 11-M en España coincidindo con eleccións municipais, autonómicas ou xerais? Quen desbancou o dexenerado director-xerente do Fondo Monetario Internacional, Dominique Strauss-Kahn? A camareira?

A través das redes controlan todo o comercio, todo vale: subornos, mordidas ou debilidades persoais e con iso acadan un poder inmenso sobre persoas e facendas, converténdolas en fieis e submisos servidores duns monstros insaciables cuxa voracidade levará a inmensa

maioría dos cidadáns á pobreza extrema e ás guerras fratricidas. De non paralos ou deixar de facerlles o xogo caendo nas súas redes, non estará lonxe o día en que nos convertan en zombis.

É moi importante implicarse na defensa dos valores humanos, en facer parte dun mesmo os problemas que asedian a nosa sociedade porque directa ou indirectamente inciden na nosa vida presente e no futuro dos nosos fillos e netos.

Temos que pararnos a analizar se uns poucos son quen de decidir por todos nós. Non podemos deixarnos levar ao abismo, manipulados polas redes e polos medios de comunicación afíns, vendidos ou atrapados tamén polos "globalizadores" que nos fan dicir ou pensar o que eles queren.

Temos que ser nós mesmos e acostumarnos a distinguir entre o ben e o mal. Non todo é branco ou negro. O arco da vella e a cidadanía teñen unha gama inmensa e intensa de cores e de condu-

tas persoais; ou ti, lector, es como eles? Xa en tempos pasados os nosos pais e avós sabían separar o grao da palla e elixían o muíño que menos maquiá se quedaba, porque ladróns e aproveitados os houbo sempre. Hoxe non se trata de fariña, hoxe trátase de que non nos rouben, de que non nos empobrezan, nin nos humillen. Trátase de que non nos deixen sen os dereitos conseguidos con moita suor e lágrimas ao longo da historia.

Temos que estar preparados e saír á rua e a onde faga falta para loitar contra esta chusma podrecida en calquera lugar ou recuncho no que se atopen.

Para aqueles que se crean que a situación non vai con eles, lembralles o antigo proverbio árabe que di: "Cando as barbas do teu veciño vexas cortar, pon as túas a remollar". Proverbios sabios! Espertemos!



Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Recaudación o regulación

Llegó el verano y el gobierno municipal de Alternativa dos Veciños lo interpretó como una oportunidad única para intentar solventar sus problemas de liquidez, debidos a su mala gestión, a costa de los vecinos.

Para ello, implantó la ORA en distintos puntos del ayuntamiento. Sta. Cristina, Sta. Cruz y Mera, vieron como los márgenes de las carreteras más próximos a las playas se pintaban de azul, situando zonas de aparcamiento reguladas por la ORA, que se añadían así al parking de la playa de Bastiagueiro donde ya había sido implantada en el verano anterior.

Los lugares señalados con la ORA se activan en aquellas zonas donde es preciso regular el estacionamiento de vehículos en horarios determinados, pretendiendo el máximo aprovechamiento de las plazas de aparcamiento y facilitando la rotación de vehículos, sobre todo en zonas donde existe un grave problema de plazas para que los conductores puedan aparcar.

Ese es el fin y el procedimiento habitual en los ayuntamientos, pero no en Oleiros. Marcando una vez más su diferencia y a pesar de que el Sr. Alcalde se empeñe en negarlo una y mil veces, los hechos están

ahí. En Oleiros no se pretende la regulación de los aparcamientos o la rotación de los mismos, puesto que se permite pagar una cantidad fija por tener el coche estacionado en el mismo aparcamiento todo el día. La ORA está habilitada todos los días de la semana, incluyendo Domingos y festivos. No se marcan tramos horarios sino una jornada continuada desde las 12 de la mañana hasta las 20 horas, casualidad o no, este horario coincide con la máxima afluencia a las zonas de playa donde se ha implantado la ORA. Por tanto, no tenemos una regulación de aparcamientos sino lo que podríamos llamar una tasa

por aparcar.

No contento con esto, el Sr. Alcalde nos insiste en que es algo para aquellos que vienen de fuera, de otros ayuntamientos, pero esto tampoco es verdad. Los vecinos de Oleiros no contamos con ningún mecanismo que nos permita pagar menos o no pagar cuando aparcamos en zonas de ORA. Si queremos ir a la playa tenemos que pagar la ORA para dejar nuestro coche, con lo que una vez más el gobierno municipal tergiversa la realidad para ocultarla, y a los oleirenses nos cobra dos veces por disfrutar de nuestro ayuntamiento.



Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Vivir Oleiros, o periódico do Réxime instaurado en Oleiros

Os socialistas queremos aclarar que o orzamento municipal financia o periódico Vivir Oleiros co diñeiro de todos os veciños. Para isto non faltan fondos. Pero sobre o contido e a liña editorial decide tan só o alcalde. Lémbbralles algo do noso pasado? Si, Vivir Oleiros é o periódico do Réxime instaurado no municipio.

O Réxime, que recorta políticas sociais e non emprende nin unha soa obra

relevante, amparado pola súa maioría absoluta, e sen a menor participación da oposición, decide a quen dedica as prazas, unha delas á exalcaldesa do seu mesmo partido político, aplica a ORA onde quere e ata inventa a ORA de 24 horas. O réxime explica nesta mesma publicación o impecable comportamento do seu alcalde e o seu goberno.

O alcalde escribe e decide o contido

de Vivir Oleiros e da emisora Radio Oleiros, e aos cidadáns quedanos pagar a súa propaganda, esta propaganda que ten nas súas mans, e outras máis, como os espazos que compra en varias emisoras de radio para criticar os seus adversarios e defender as súas actuacións.

Os socialistas denunciámos a hipocrísia do goberno municipal, que verniza o seu perfil de esquerda utili-

zando o nome de José Luis Sampedro ou Santiago Carrillo en dúas prazas, para priorizar o pádel e o repagamento de servizos públicos ao máis puro estilo de Aznar.

Estas liñas son o pouco espazo no que podemos expresarnos, as que nos asignou o Réxime, unha pequena parte dunha soa páxina. Para coñecer a nosa opinión, pode visitar www.oleiros.net Oleirenses, viva Oleiros!



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

No ecuador da lexislatura

Cumpridos xa dous anos desde as últimas eleccións municipais, o BNG quere facer a súa valoración, que se resume na crítica á acción do goberno pola súa escaseza –cando non de auténtica parálise–, e a utilización partidaria dos recursos do Concello.

Preocúpanos a cada vez máis acentuada falta de acción e de iniciativas de goberno nunha situación marcada pola crise que afecta a moitas persoas do noso Concello, especialmente no relativo á

dinamización da actividade económica: tan só se mostrou un apoio explícito (pero só dun xeito verbal) ao comercio local despois de que o BNG levara a cabo actuacións nese sentido. Onde está o apoio aos emprendedores, á rehabilitación de vivenda, etc.? Só subas de taxas e prezos públicos (véxase o despropósito da ORA) e o rexeitamento sistemático, mesmo sen deixar debatela, de toda proposta que se leva ao pleno.

Denunciámos a utilización partidaria do Goberno

Municipal, tratando de limitar ao máximo o traballo e recursos da oposición, mentres outorga inxustificadamente dedicación exclusiva a todas e todos os concelleiros de Alternativa dos Veciños. Deste xeito, non realizan labor institucional, senón partidaria, co financiamento de todos os veciños e veciñas de Oleiros.

Paralelamente, reduciuse o número de Plenos (mesmo por debaixo dos mínimos legais) e, utilizando o rolo da maioría absoluta, trasladouse

á Xunta de Goberno gran parte capacidade decisoria que corresponde ao pleno, para furtar o acceso á información e o control da acción do goberno.

O BNG fai un chamamento á cidadanía para reaxir nesta situación, e ao grupo de Goberno para que traballe decididamente nun cambio de rumbo que posibilite puntos de encontro en múltiples iniciativas que son necesarias, urxentes e prioritarias para a cidadanía.

EDITORIAL

● O desmantelamento do sistema público de benestar social

◆ Poucas veces un proxecto de lei tivo un rexeitamento tan amplo como o que provoca a mal chamada *Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*, un proxecto detrás do que se esconde un novo ataque á cohesión social e á autonomía dos concellos na xestión do seus intereses.

Unha lei que carece de toda racionalidade e que, desde logo, non ten nada que ver coa sustentabilidade, que o único que provocou ata o momento foi o rexeitamento unánime dos concellos de toda España e de todos os partidos políticos, ata do propio Partido Popular, conseguindo unir a todo o municipalismo do país en contra do seu contido.

A retirada de competencias en materia de servizos sociais aos concellos en favor das autonomías é unha mostra máis da profunda brecha que existe entre o Goberno do Estado e a cidadanía e do descoñecemento dos seus dirixentes da actuación que día a día se desenvolve neste ámbito en todos os municipios do país.

Nos anos oitenta puxéronse as bases, grazas a acordos entre as distintas administracións, para poñer en marcha unha serie de prestacións básicas que garantisen un sistema público de servizos sociais. Unhas prestacións que se desenvolverían desde os concellos, como administración máis próxima ao cidadán, e desde os que se poderían desenvolver dunha forma máis eficaz para dar unha resposta máis rápida ás necesidades da poboación.

O goberno central, os autonómicos e os concellos asumimos o compromiso de cofinanciar a partes iguais entre cada un este sistema, un sistema público de servizos sociais que en trinta anos pasou da nada a garantir unha serie de atencións e prestacións básicas á poboación que se atopase en situación de vulnerabilidade ou de risco de exclusión.

Este compromiso inicial, co paso do tempo foise relaxando ata recaer principalmente o peso destes servizos sociais na administración local, nos concellos, que son os que nestes momentos estamos a prestar estes servizos de proximidade.

Agora, esta nova lei, pretende arrancar os servizos sociais do seu hábitat natural, o local, para darllo ás autonomías en nome dunha racionalidade, que non se atopa por ningún lado, e dunha sustentabilidade dificilmente crible, xa que nos últimos

anos tanto o goberno central como o autonómico foron rebaxando as súas achegas ao sistema de prestacións básicas de servizos sociais deixando responsables da maior parte do seu mantemento aos concellos.

O único obxectivo que parece ter esta medida é a dun novo ataque aos sistema de benestar público, abrindo as portas a unha nova ondanada de recortes e de privatizacións ante a imposibilidade desde as administracións autonómicas de asumir esta xestión, nin desde un punto de vista operativo nin financeiro.

Os servizos sociais dos concellos, xunto coas entidades non gobernamentais, son os que estiveron apoiando as numerosas familias afectadas polo desemprego e pola crise do sistema financeiro.

Os servizos sociais municipais son os que saben cales son os problemas da súa poboación e dos seus veciños e veciñas, así como quen está en disposición de ofrecer unha atención personalizada, rápida e eficaz ás súas necesidades.

Quen estivo roubando durante anos ten agora a desvergoña de dicir aos concellos que agora isto non é sustentable. Que é o que non é sustentable?: atender a xente desde a proximidade?, asumir a maior parte dos custos que teñen os servizos?, proporcionar á poboación servizos adaptados ás súas necesidades?... Os concellos estiveron facendo isto desde os inicios do sistema de servizos sociais e obviar esta realidade unicamente pode ser froito da ignorancia e do descoñecemento máis absoluto sobre o que se legisla.

As consecuencias de levarse a cabo estas medidas será unha atención despersonalizada, de baixa calidade, unha maior pobreza e un aumento da poboación en situación de exclusión social. Cando a xestión e a atención da situación de necesidade son obxecto de actividade lucrativa, a resolución dos problemas queda nun segundo plano.

A cohesión social que se acadou grazas a este sistema público de servizos sociais desde o local está en grave perigo e os concellos non imos estar calados ante este despropósito de desgobernanza que nos quere impoñer o goberno de España do Partido Popular.

RADIOLEIROS por directa e inmediata

101.5 FM

para informar, para falar, para escoitar,
para entreter, para acompañar, para ti

■ Todos os días ■ Toda a información ■ A TÚA RADIO

O Concello amplía o número de prazas de aparcamento na urbanización Caavamontes e mellora a seguridade viaria ▼



◆ O Concello ampliou o número de prazas de aparcamento na urbanización Caavamontes e mellorou a seguridade viaria nesta zona. Deste modo, co novo ordenamento o único acceso á rúa Etiopía é agora a través da rúa Rosalía de Castro. Este pequeno cambio permite incrementar vinte prazas de aparcamento na zona do centro de saúde, que xunto ás obras realizadas no mercado aumentarán en corenta o número de prazas de aparcamento dispoñibles na urbanización Caavamontes.

Esta zona é de moito tránsito debido a infraestruturas como o mercado, o centro de saúde ou a oficina de correos, polo que era prioritario aumentar



o número de prazas dispoñibles para os vehículos na rúa. Ademais, este novo ordenamento permite unha mellora na seguridade viaria, xa que os escolares que visitan a biblioteca Rialada non terán que cruzar a rúa Rosalía de Castro porque o autobús poderá deixalos do lado da biblioteca.

Esta mellora súmase á reordenación realizada recentemente nas inmediacións do mercado municipal e que, ademais de mellorar o contorno deste servizo, permitiu crear outras 20 novas prazas de aparcamento neste transitado punto do núcleo de Perillo.

Mellorada a senda peonil que une ► Santa Cruz e As Galeras

◆ O Concello levou a cabo ao longo do pasado mes de agosto traballos de conservación na infraestrutura de madeira da senda costeira que comunica Santa Cruz e As Galeras. Ademais, durante estes traballos suxeitáronse as táboas soltas e renováronse varios bancos que estaban rotos debido a diversos actos vandálicos. Así mesmo, fíxose unha pequena obra de reforzo na parte superior dunha das pasarelas, ao inclinarse lixeiramente a súa estrutura. Con todas estas melloras asegúrase a durabilidade deste transitado itinerario.



■ Vista de parte da infraestrutura de madeira mellorada na senda costeira entre Santa Cruz e As Galeras



◀ Construída unha nova beirarrúa na rúa Mendel

◆ O Concello levou a cabo traballos de mellora na rúa Mendel, en Perillo. Esta rúa discorre paralela ao parque José Martí de Santa Cristina e carecía de beirarrúas para o tránsito de peóns. Os traballos permitiron construír unha beirarrúa na marxe dereita e reforzar o pavimento mantendo o aspecto orixinal. Ademais, de forma paralela a esta actuación asfaltouse a avenida das Américas.

En marcha as obras de mellora da seguridade viaria en todos os núcleos e urbanizacións

◆ Ao longo destes días e desde o pasado mes de xullo o Concello está a levar a cabo por todo o municipio un conxunto de obras que teñen por obxectivo mellorar a seguridade viaria en todos os núcleos e urbanizacións oleirenses. Estes traballos, que se están a executar en horario nocturno para non dificultar o tráfico nas nosas vías, inclúen a creación de novos pasos de peóns, o repintado dos existentes, a mellora da sinalización vertical e o repintado da horizontal coa indicación de novas directrices que regularán o tráfico, como por exemplo na urbanización Pía de Maianca, en Mera, que pasou a ser de

sentido único mellorando o tránsito e o seu acceso.

Así mesmo, algúns dos pasos de peóns situados nas zonas de maior tránsito están sendo iluminados para mellorar a súa sinalización e avisar aos condutores da súa presenza. Tamén se están a instalar bandas reductoras de velocidade provistas da inclinación necesaria para non danar os vehículos que transiten sobre elas. O Goberno local de Oleiros investiu neste Plan de seguridade viaria que mellorará sensiblemente a calidade de vida no noso municipio máis de 100.000 euros e meses de traballo.

Algúns exemplos ▼



■ O pintado de novos pasos de peóns na avenida Morro de Canide, nas inmediacións do colexio Luís Seoane, mellora sensiblemente a seguridade viaria no acceso a este centro escolar



■ Os cambios de dirección e a reordenación dos tráfico na urbanización Pía de Maianca, mellora o acceso e o tránsito por esta zona residencial



■ A avenida Segunda República mudou o seu aspecto coa sinalización dos carrís de circulación, os pasos de peóns e o pintado da rotonda




■ Os traballos na avenida Valle-Inclán delimitan a zona de estacionamento do transporte público e habilita as zonas para cruzar nesta transitada zona escolar

Os cans non poden estar soltos nas zonas verdes



Son moitos os veciños e veciñas que cumpren as súas obrigas respecto ao coidado dos animais de compañía, pero continúa a haber un pequeno número de persoas que incumpren coa normativa de levar os cans con correa e que non realizan a recollida de excrementos. En ningún caso, os cans poden camiñar soltos polos parques, praias e zonas verdes do municipio.

Reordenado o tráfico na estrada de Soñeiro, no acceso á vía Ártabra ▼



◆ As obras do novo enlace da vía Ártabra que conectan coa estrada de Soñeiro e coa estrada de Sada, na confluencia co acceso ao pazo Miraflores, mudaron os tráficos desta estrada. O tramo comprendido entre o cruce da rúa Leticia e a urbanización As Torres, que ata agora era de dobre dirección, pasa a ser de sentido único. Ademais neste punto creouse un acceso peonil en dirección Oleiros a Soñeiro. Así mesmo, o tráfico que desde As Torres conflúa na rúa Leticia se canaliza cunha saída directa de sentido único á estrada de Sada, xusto

na confluencia coa rúa do pazo Miraflores. Ademais neste nó de comunicacións instalouse unha rede semafórica para regular o tráfico rodado e habilitouse un novo paso para peóns.

Estes traballos de reordenación do tráfico nas vías DP-5808, rúa do Pazo e rúa Cruceiro mellorarán as comunicacións na zona, facilitan o acceso á vía Ártabra e dotan dun necesario espazo para o tránsito de peóns que ata o momento non existía.

En funcionamento a nova rotonda na confluencia da rúa A Seara con Pilar Estévez Diéguez ►

◆ Atópase en funcionamento desde o pasado verán a nova rotonda construída polo Concello no cruce entre rúa A Seara, rúa Bartolomé de las Casas, Pilar Estévez Diéguez e a rúa A Barcala. Estes necesarios traballos melloran sensiblemente a seguridade viaria na intersección, xa que a nova infraestrutura dota a intersección de mellor e máis visibilidade reducindo o risco de colisións. Así mesmo, dentro desta actuación asfaltouse o cruce de Bartolomé de las Casas coa rúa Regueiro Escuro.



Os traballos realizados no depósito de augas de Monte do Sino eliminan os ruídos na zona

◆ Os traballos levados a cabo polo Concello no depósito de augas de Monte do Sino, en Montrove, eliminaron os ruídos e molestias que esta instalación producía aos veciños e veciñas residentes na zona. Este importante alxibe fai a función de depósito de auga potable e cobre os picos de consumo que se poidan producir na rede de distribución de auga potable que abastece Montrove, a parte alta de Perillo, a parte alta da urbanización Icaria, a parte alta da rúa Salvador de Madariaga, Catasol, Fonte de Espiño, Romardeiro, Galeras, rúa Meixonfrío, zona alta do Bañil, A Ferrala e a parte baixa da rúa Isaac Díaz Pardo.

Oleiros instala contedores para a recollida de aceites domésticos usados ▼

◆ O Concello de Oleiros instalará contedores para a reciclaxe de aceites domésticos usados en varias localidades do municipio. Con esta medida o Goberno local pretende contribuír á conservación do noso medio ambiente e xerará un importante aforro económico. Os tres primeiros recipientes estarán instalados xunto aos puntos de contedores de Santa Cruz, Perillo e na avenida Santa Cristina, as zonas máis urbanas e con maior concentración de poboación.

Esta medida evita a contaminación dos acuíferos subterráneos, augas fluviais e marítimas e o prexuízo para as especies destes hábitats. Así mesmo, evita a proliferación de pragas, insectos, roedores e microorganismos prexudiciais nas redes de sumidoiro público e fomenta o aproveitamento do aceite para a fabricación de biocombustibles.

Ademais, a recollida de aceites domésticos usados xera un considerable aforro ao reducir as avarías por atascos nas redes de sumidoiro e redúcense custos nas plantas depuradoras de augas sucias. O biocombustible que se produza cos aceites usados da cidadanía de Oleiros será un combustible renovable, limpo, sen emisións de xofre e reducirá a dependencia enerxética doutros combustibles.



Como debo reciclar o meu aceite usado?



É tan fácil como reservar o aceite en envases de plástico ben pechados e introducilos no contedor cando se atopen cheos. Por este pequeno acto estaremos contribuíndo ao medio ambiente e fomentando un uso máis racional dos recursos.

O Concello destina 30.000 euros para mellorar a eficiencia enerxética dos edificios municipais ▼

◆ O Goberno local destina 30.000 euros para mellorar a eficiencia enerxética de 23 edificios municipais. Os equipamentos públicos cambiarán o tipo de combustible utilizado, pasando do propano nalgúns casos e de gasoil noutros, ao gas natural, que multiplica considerablemente os índices de poder calorífico dos dous anteriores. Esta mellora, que leva un importante aforro económico para as arcas municipais, levarase a cabo a través dun contrato público de instalacións térmicas que podería estar resolto antes de que remate o actual mes de setembro, pensando no próximo período invernal.



O Club de Leóns de Oleiros entregou tres bolsas universitarias a estudantes locais

O Club de Leóns de Oleiros entregou tres bolsas universitarias a alumnas dos tres institutos de Oleiros. Deste xeito, o colectivo pretende recoñecer o expediente académico de tres estudantes que agora se incorporan á universidade.

O Concello sanciona os propietarios das vivendas antigas en estado de abandono ▼

◆ O Decreto lei 8/2011 promulgado polo Goberno do Estado impón aos propietarios de todas as edificacións de máis de 50 anos a obrigatoriedade de realizar un informe técnico para avaliar o estado da súa propiedade, así como a súa habitabilidade. De feito, o artigo catro desta lei sinala claramente que «os edificios cunha antigüidade superior a 50 anos, salvo que as comunidades autónomas fixen distinta antigüidade na súa normativa, destinados preferentemente a uso residencial situados nos municipios sinalados na disposición adicional terceira, deberán ser obxecto, en función da súa antigüidade, dunha inspección técnica periódica que asegure o seu bo estado e debida conservación».

En base a esta lei que rexe as inspeccións técnicas de vivendas o Concello iniciou unha apertura de expedientes naqueles casos nos que as vivendas se atopan en estado semiruíno ou inmersas nun total estado de abandono, obrigando os propietarios e as propietarias a tomar as medidas pertinentes. Nos casos nos que os inmobles poidan ser rehabilitados procedan a facelo, ou, en caso de que non sexa así, procedan ao seu derribo. Se os particulares non cumpren a normativa se abrirá un expediente sancionador que levará á execución subsidiaria do derribo por parte do Concello.



Queiman tres árbores nas Galeras con herbicida



◆ Unha vez máis un vándalo envelenou tres fermosas árbores con máis de 50 centímetros de diámetro cada exemplar. O atentado medio ambiental levouse a cabo nunha das rúas das Galeras, en concreto na coñecida como Bastiagueiro Pequeno. O método utilizado polo agresor foi perforar cun trade o tronco e a raíz destes exemplares e introducir un potente herbicida que os secou en cuestión de horas.

O autor non se atopa habitualmente moi lonxe da zona. Hai xente que



cando compra unha parcela crese que está a mercar as rúas, as zonas verdes e as árbores do contorno así como os dereitos que non lle corresponden. Se alguén quere vistas non pode tirar as casa de en fronte nin a vexetación que circunda a súa propiedade. Lamentablemente, este tipo de incidentes non deixan de acontecer polo que é responsabilidade de toda a comunidade velar e denunciar os vándalos que os levan a cabo e sinalalos en caso de sorprendelos facéndoo.

Oleiros pide unha asemblea extraordinaria da Fegamp para tratar a perda de competencias en servizos sociais ►

◆ O Goberno local de Oleiros cre que é necesario convocar unha asemblea extraordinaria da Fegamp para tratar a perda de competencias municipais en servizos sociais que o Goberno de España prevé dentro do seu plan de adelgazamento da Administración pública.

Esta medida situaría as competencias en servizos sociais nas comunidades autónomas. Isto suporía que o Goberno autonómico, sen capacidade para levar a cabo esta tarefa puxese, o servizo en mans de empresas privadas cun volume de negocio altísimo. Só no programa de Axuda no fogar, Oleiros destina máis de 600.000 euros anuais, que polos máis de 300 concellos que ten Galicia supón un negocio enorme para algúns. Ademais a actividade dificilmente podería ser supervisada polo Goberno autonómico carente de capacidade e infraestrutura neste sentido, o que produciría unha deterioración na calidade do servizo, a diferenza do modelo actual que está funcionando correctamente e Oleiros é un claro exemplo.

Inaugurada en Santa Cruz a praza en honor a Esther Pita ▼



◆ Oleiros inaugurou o pasado 12 de xullo a praza que leva o nome da que foi alcaldesa do municipio, Esther Pita Pita. Esta zona de nova creación está situada na localidade natal da homenaxeada, en Santa Cruz, e sitúase entre a fronte marítima e o parque Luís Seoane, nas inmediacións do monumento ao emigrante. O novo espazo transformou esta zona do pobo e mellorou considerablemente a paisaxe urbana neste punto da localidade.

O acto foi moi emotivo e contou cunha gran participación veciñal e de representantes do tecido asociativo da localidade e de todo o municipio. A homenaxe comezou coa lectura dun texto conxunto da Asociación de Veciños Santaia, a Coral Lembranzas de Santa Cruz e o Club de Fútbol Santa Cruz. Posteriormente, o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, tomou a palabra para enxalzar a figura de Esther e destacar

a súa entrega, traballo, dedicación e amor por Santa Cruz e por todo Oleiros. «Ben desde o Concello, desde os colectivos veciñais ou a título individual Esther dedicou a súa vida a traballar polo seu pobo», sinalou o rexedor. A continuación falou Esther Pita, quen, visiblemente emocionada agradeceu a presenza a todos os asistentes e confesou sentirse incrivelmente feliz por recibir esta homenaxe por parte dos seus veciños, compañeiros e seres queridos.

A nova praza está equipada con infraestrutura para poder aloxar eventos, xa que conta coas conexións ás redes de subministración necesarias para este tipo de actos e cun local de 50 metros cadrados no subsolo que fai funcións de almacén e camerino. Ademais a praza foi dotada dun moderno sistema de iluminación con leds, o que permite un 70% de aforro enerxético.

A urbanización Obelisco conta cunha nova zona verde

◆ A urbanización Obelisco, nas inmediacións da Casa do Concello, na localidade de Santa María de Oleiros, conta cunha nova zona verde. O parque, que leva o nome do humanista, economista e escritor, José Luis Sampedro, ten unha extensión superior aos 5.000

metros cadrados e encóntrase nunha das zonas máis altas do municipio o que lle permite ter unhas vistas privilexiadas. Ademais esta zona verde está dotada cun amplo espazo de xogos infantís.



O mantemento dos servizos e da infraestrutura municipal supón un investimento anual de 11.828.832 euros

■ Un total de 543 persoas traballan para os veciños e veciñas desde a Administración local ▼

◆ Na actualidade 543 persoas están traballando para a Administración local de Oleiros. Do número total 241 traballadores e traballadoras están contratadas no cadro de persoal municipal, 129 como funcionarios e 112 como laborais. Do persoal funcionario, un total de 88 persoas forman parte da administración, 38 son policías e 3 están adscritos á área de servizos. Mentres que dos laborais, 63 traballan na área de servizos e 49 na administración. Isto supón para as arcas municipais un investimento anual de 8.698.894 euros.

Ademais para o Concello traballan a través de contratos temporais 81 persoas que se encargan de reforzar servizos propios, especialmente do mantemento de praias. Outras 65 traballan para empresas que se encargan de servizos municipais como limpeza de maleza en camiños públicos, limpeza de praias, actividades extraescolares e do programa de prevención de alcoholismo e drogas, actividades culturais, deportivas e do programa de excursionismo e sendeirismo. Así mesmo, levan a cabo tarefas de monitorado para actividades ocupacionais para maiores, mantemento de seguridade en edificios públicos, mantemento de ascensores... Todos estes contratos supoñen un investimento de 531.964 euros ao ano distribuídos do seguinte modo:



■ Mantemento de alarmas en edificios municipais	16.750 euros
■ Mantemento de ascensores en edificios municipais	9.966 euros
■ Defensa e asistencia xurídica do Concello	25.000 euros
■ Transporte de actividades culturais, deportivas, excursionismo e sendeirismo	43.346,10 euros
■ Monitorado de actividades ocupacionais, actividades para maiores	109.596 euros
■ Actividades extraescolares, prevención de drogas e educación	183.756 euros
■ Servizo de roza de valados	48.333,42 euros
■ Servizo de limpeza de praias	95.216,84 euros

Por outra banda, diversos servizos municipais están xestionados con contratos fixos con empresas e dan ocupación a 141 persoas en tarefas como a limpeza viaria, mantemento de parques e zonas verdes, mantemento de bombeos e da rede de augas residuais, servizo de limpeza e mantemento de instalacións municipais deportivas e limpeza de escolas infantís, xestión das escolas municipais de música e danza, o Servizo de Axuda no fogar e Servizo de información telefónica ao veciño. Estes servizos contratados supoñen un investimento anual de 2.597.974 euros repartidos da seguinte forma:

■ Servizo de limpeza viaria	305.477,68 euros
■ Servizo de mantemento de xardíns	623.824 euros
■ Servizo de mantemento de bombeos	316.089,28 euros
■ Servizo de limpeza de instalacións deportivas e escolas infantís	229.398,94 euros
■ Xestión das escolas de música e danza	442.700 euros
■ Xestión das actividades do centro de lecer	25.950 euros
■ Servizo de Axuda no fogar	610.237,20 euros
■ Servizo de información telefónica ao veciño	44.259,54 euros

O Concello outorga á Xunta a licenza para construír o novo colexio de Nós ▼


■ O Goberno autonómico pode contratar os traballos dentro do presente exercicio

◆ A mediados do pasado mes de xuño a Xunta de Galicia presentou o proxecto necesario para conseguir a licenza de construción do novo colexio de educación infantil e de primaria que se situará na parroquia de Nós, na finca prevista para este fin no Plan xeral. O Concello comprou xa hai anos 11.490 metros cadrados desta finca situada na antiga propiedade da familia Tenreiro e que conta cunha extensión total de 40.000 metros cadrados, que unha vez adquiridos polo Concello a través de compensacións urbanísticas destinaranse integramente a actividades educativas, sociais e de ocio e lecer.

O novo colexio de Nós contará cun total de 2.948 metros cadrados de superficie edificable repartidos nunha planta baixa de 1.592 metros

cadrados, e dúas alturas máis de 793 e 562 metros cadrados. O investimento total nesta infraestrutura será de 5.047.982 euros e o seu prazo de execución é de 18 meses. O centro escolar estará dotado de seis aulas de educación infantil e doce de primaria, o que permitirá atender a forte demanda de matrículas deste tipo que ten o noso municipio. Ademais contará con catro aulas de apoio, unha sala de usos múltiples, comedor e ximnasio.

O Concello de Oleiros concedeu a licenza de obra a través da resolución 2852/13, pola que a Xunta pode proceder á contratación dos traballos dentro do presente exercicio. Os traballos serán sufragados a través dun plan bienal.



■ Na imaxe superior vista do aspecto que terá o novo centro educativo de Nós desde a súa fachada sueste, abaixo aspecto da fachada desde o suroeste

O Goberno local cede unha parcela á Xunta para que edifique un comedor escolar no colexio Valle-Inclán ►

◆ A ANPA do colexio Valle-Inclán, que xestiona o servizo de comedor do citado centro nunhas instalacións modulares, solicitou do Concello a cesión dunha parcela anexa ao colexio para poder construír unha nova instalación que substitúa a actual, que está en estado precario. Atendendo esta demanda, o Concello puxo a disposición da Xunta de Galicia o citado terreo, esperando que esta trate no prazo máis breve posible a obra do novo comedor escolar. A actual infraestrutura modular, en cuxa instalación no seu día colaborou o Concello, a pesar de non ser unha competencia municipal, atópase obsoleta debido ao forte incremento do alumando que usa este servizo, motivo polo cal a asociación de nais e pais de alumnos do centro demandan da Xunta a construción dun edificio permanente que aloxe a cociña e o comedor.

O Concello esixe a Fomento o remate dos traballos na N-VI e consegue a solución dos problemas orixinados por esta obra no Pinar e Mesón da Auga ►

◆ O Concello de Oleiros conseguiu o compromiso de Fomento para poñer solución aos problemas orixinados nas inmediacións da obra de ampliación da N-VI. Deste xeito, o Ministerio creou un acceso para a urbanización O Pinar desde a nova rotonda instalada na vía e permitiu ao transporte público utilizar a vía de servizo para realizar as súas paradas. O uso deste carril por parte do transporte público permitiu que os veciños e veciñas usuarias deste servizo na zona, principalmente residentes nas urbanizacións Mesón da Auga e O Pinar, non tivesen que saltar as medianas da nova estrada desdoblada para acceder ao bus.




Sete anos de difamacións

◆ No mes de xuño de 2006 apareceron publicadas en varios medios de comunicación, entre os que se atopaban os diarios ABC e La Opinión de A Coruña, unha serie de «noticias» que comezaron unha campaña de desprestixio contra a persoa do alcalde, Ángel García Seoane. Esta campaña levouse a cabo con «informacións» que eran subministradas por determinadas persoas vinculadas aos grupos políticos do PP e do PSOE de Oleiros, que, mediante

unha planificación maquiavélica e de baixa catadura moral pretendía achacar á persoa do alcalde diversos delitos como decisións administrativas que afectan a intereses persoais, negociacións prohibidas aos funcionarios públicos, abuso de información privilexiada e tráfico de influencias.

Fin que conseguiron coa colaboración do fiscal Antonio Roma, que a raíz dunha entrevista solicitada polo alcalde para denunciar

o que estaba sucedendo, e amparado na malévola e vil campaña dos citados medios, entendeu que se estaba creando unha alarma social e procedeu a imputar a García Seoane para que se abrise un expediente de investigación a través da vía xudicial. A dita imputación aconteceu dous meses despois de iniciada a campaña de prensa, que nin un só día desde a primeira publicación e durante máis de 6 meses deixou de desprestixiar o Concello e a figura do alcalde.



Pode ler o auto 00368/2013 do 24 de maio de 2013 a través do que a sección primeira da Audiencia Provincial accorda o sobreseimiento total da causa no portal web municipal www.oleiros.org.



A ninguén se lle escapara que unha campaña deste tipo e con tantos interesados en difamar a persoa do alcalde foi totalmente gratuita. Cabe recordar que uns meses antes García Seoane fora vítima de ameazas directas do embaixador de Israel en España, cuxa intervención telefónica finalizou cun ameazante: «aténgase a las consecuencias». Dáse a circunstancia de que unha das primeiras persoas en comezar a campaña nos medios era de orixe xudía.


O proceso xudicial, que supostamente e segundo a lei, ten que dirimirse nun prazo de seis meses durou case sete anos nos que se indagou a vida do rexedor e dos seus familiares requirindo todo tipo de información de notaría, rexistro da propiedade, do rexistro mercantil, da Facenda do Estado, do Concello... Así mesmo, durante o proceso requiriuse ao fiscal Antonio Roma por parte da xuíza para que declarase sen que este

chegase a presentarse. Ademais, á denuncia do citado fiscal, sumouse outra, como acusación popular, do grupo do Partido Popular de Oleiros, representado polo seu candidato á Alcaldía nese momento, Pablo Cobián de la Puente, o cal é responsable, xunto con outros, de que se dilatase o proceso, xa que tiña un grande interese en prolongar a situación durante os dous procesos electorais que se convocaron durante eses sete anos, as eleccións municipais de 2007 e as de 2011.

En metade do proceso xudicial, a Audiencia xa fallara en contra a petición por parte do citado Pablo Cobián de manter aberta a causa. A pesar desa resolución, a xuíza non resolveu o expediente a pesar de que a fiscalía a través do informe do 13 de decembro de 2010 solicitara o arquivo da causa por non atopar ningún delito dos que se lle achacaban a García Seoane. Un ano despois, a Fiscalía

reiterou a súa postura cun novo informe emitido o 14 de decembro de 2011. No ano 2012 a maxistrada resolve o acordado no informe fiscal no que se sinalaba que non había delito pero, incomprendiblemente non arquiva o expediente argumentando que podería existir un posible delito de negociacións prohibidas a funcionarios, polo tanto debíase seguir indagando. É dicir, a maxistrada que en sete anos non foi capaz de atopar unha soa proba contra o alcalde, pretendía que este seguise co viacrucis que lle impuxeran.

Finalmente, presentouse en xaneiro de 2013 tanto por parte do representante legal de García Seoane como pola Fiscalía Xeral, un recurso no Xulgado de Instrución Número 5 da Coruña, resolvendo esta o arquivo definitivo de todas as actuacións coas que ao longo de tanto tempo ensuciaron o nome do alcalde e o prestixio do Concello de Oleiros.



Pode consultar os dous informes completos emitidos pola Fiscalía nos que se solicita o arquivo da causa con data do 13 de decembro de 2010 e do 14 de decembro de 2011 no portal web municipal www.oleiros.org.

Oleiros consegue un novo obradoiro de emprego que continuará coa mellora do viveiro municipal de empresas ▼

◆ Tras o remate o pasado mes de xuño do obradoiro de emprego que dotou de servizos as naves do viveiro municipal de empresas, a actividade continuará nesta instalación municipal co inicio dun novo curso ao longo deste mes. A Consellería de Traballo confirmou ao Concello de Oleiros a concesión dun obradoiro que continuará coa mellora do inmoible. A duración deste proxecto será de 6 meses e durante o seu desenvolvemento formaranse a 22 alumnos e alumnas nas especialidades de fontanería, carpintería e instalación de prefabricados. Este alumnado, composto por demandantes de emprego maiores de 18 anos, percibirá un salario de 645 euros. Ademais, créanse sete postos máis de traballo coa contratación do equipo docente, que estará formado por un director, tres profesores especialistas, un mestre de educación básica e outro de informática e un auxiliar administrativo.



En marcha os cursos de formación para persoas desempregadas ◀

◆ Xa están en marcha os cursos de formación para persoas desempregadas que se están a impartir no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo. Estes cursos, que están a formar a 60 persoas en paro, lévanse a cabo dentro do plan de formación anual que desenvolve o Concello en colaboración coa Xunta de Galicia. As disciplinas impartidas son as de montador de instalacións solares e térmicas, cociña, financiamento de empresas e auxiliar de viveiros e centros de xardinería. A actividade docente das tres primeiras estase a levar a cabo nas propias instalacións dos Regos, mentres que a da última faise no centro de formación A Carballeira. Os catro cursos permiten a obtención do certificado de profesionalidade de cada unha das ocupacións e teñen incluído un módulo de prácticas formativas en empresas. O remate destes ciclos formativos está previsto para os meses de novembro e decembro.

O Concello elabora unha guía con información sobre a lexislación que rexe a contratación de persoal doméstico ▶

◆ O Concello de Oleiros acaba de editar unha guía que recolle os aspectos máis importantes a ter en conta á hora de contratar persoas para os labores do servizo doméstico. O traballo, moi práctico e de alto valor didáctico, foi elaborado polas técnicas municipais. A guía pódese descargar a través do portal web municipal ou solicitala no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, nos Regos. Entre outros aspectos, o documento informa sobre a nova normativa que esixe dar de alta na Seguridade Social o persoal que se contrate para a realización das tarefas domésticas.



A oficina de información turística de Santa Cristina atende miles de visitas durante os meses de verán

◆ O punto de información turística instalado en Santa Cristina é todo un referente para os visitantes do noso municipio. Ao longo dos meses de xuño, xullo e agosto atendeu máis de 5.000 consultas. Ademais de prestar información aos miles de turistas que acudiron a esta oficina, o equipo técnico responsable deste punto encárgase de dinamizar os distintos atractivos de Oleiros para promover de forma activa o turismo.

As escolas de música e danza comezan un novo curso cunha oferta de 107 prazas ▼



■ Durante os actos de clausura das escolas municipais de música os asistentes puideron gozar de espectáculos de calidade que amosan o nivel destes centros de ensino

◆ O pasado mes de xuño, clausurouse o curso 2012/2013 da Escola Municipal de Música e da Escola Municipal de Danza cunha serie de actos. Os espectáculos tiveron unha grande afluencia de público e sobre todo amosaron unha magnífica posta en escena dos alumnos e das alumnas que participaron, en total uns 300 escolares.

As escolas de música e danza de Oleiros recuperarán de novo a actividade o luns 2 de setembro ás 16:00 h, nas súas respectivas sedes

para informar as familias das posibilidades horarias, dos estudos a realizar durante o curso escolar 2013/2014. Ese mesmo día ábrese un novo prazo de inscrición de prazas vacantes nas dúas escolas. En total ofértanse 107 novas prazas, 27 prazas na Escola de Música e 80 prazas na Escola de Danza das que 29 son para nenos e nenas de 4 a 7 anos, 12 para Danza Clásica, 37 para Danza Moderna e 2 de Danza para adultos.

O Goberno local saca a concesión unha parcela en Iñás para instalar pistas de pádel ►

◆ O Concello de Oleiros sacou a concesión o uso dunha parcela municipal situada no polígono comercial de Iñás co fin de que esta sexa utilizada como equipamento deportivo e dotada de pistas de pádel para a práctica deste deporte. A dita concesión outorgarase por un prazo máximo de 20 anos.

O adxudicatario terá que aboar anualmente ao Concello un canon de 6.123,34 euros mínimo, procedente da aplicación do coeficiente do 4% sobre o valor do ben. O primeiro canon aboarase como máximo aos seis meses. Así mesmo, o importe correspondente aos anos posteriores deberá ser aboado dentro deste mes dos anos seguintes a aquel en que se fixo o ingreso correspondente á primeira anualidade. O valor estimado deste contrato é de 122.466,80 euros. As persoas interesadas poden dirixirse á Secretaría Xeral do Concello para obter máis información.



O Concello solicitou á Xunta a declaración da sardiñada das Festas do Carme de Mera como Festa de Interese Turístico

◆ Oleiros solicitou á Xunta de Galicia a declaración da sardiñada das Festas do Carme de Mera como Festa de Interese Turístico de Galicia. O goberno local destaca a singularidade desta celebración que conta con moitas particularidades e que é un acto representativo da riqueza social e do tecido asociativo nas parroquias de Serantes e Maianca, xa que desde hai xa case 50 anos con motivo da celebración das Festas do Carme, como virxe e patroa dos mariñeiros, na localidade desenvólvese esta fermosa festa, ao redor do 16 de xullo, que é organizada directamente por unha comisión veciñal. Esta sardiñada acolle a milleiros de persoas que antes da entrada da

noite xa se achegan á praia para ir preparando o seu espazo e onde a partir das 21.00 horas comezan a asar as sardiñas que a comisión organizadora pon a disposición das persoas participantes a prezos axeitados. As familias e todas as persoas que se achegan a Mera neste día gozan asando eles mesmos as sardiñas e compartindo cos amigos unha noite que se asemella ao San Xoán. É unha cita obrigada para veciños e veraneantes, pola súa singularidade e pola fermosura de ver a praia ategada de persoas e de lumeiradas ata ben entrada a madrugada. A cifra de participantes neste evento achegouse nestes últimos anos a 20.000 persoas.

A memoria dos nosos maiores, recollida nun libro



■ Os integrantes do obradoiro de memoria exerceron como guías dos grupos de sendeirismo e excursionismo nas súas localidades natais

◆ Desde hai anos existe no Concello de Oleiros un amplo número de actividades dentro do programa de envellecemento activo, unha delas: os obradoiros de memoria, son unha das actividades que máis éxito teñen, existindo na actualidade nove grupos aos que asisten máis de 200 persoas e que semanalmente traballan e desenvolven actividades para manter unha actividade intelectual, relacionarse e amosarse máis novos e novas que nunca.

Somos o que recordamos, de aí a importancia de manter sempre o noso pasado, as nosas lembranzas, para poder vivir intensamente o presente. Por iso, unha parte da actividade destes grupos de memoria está dirixida a recuperar anécdotas, historias, imaxes relacionadas con lugares ou edificios significativos en cada unha das localidades do municipio. A ría do Burgo, o castelo de Santa Cruz, o pazo da Carballeira, a lagoa de Mera son exemplos do que foi o obxectivo de traballo destes grupos de mulleres e homes de Oleiros dispostos a non deixar morrer no esquecemento as súas vivencias e os seus records.

Todo este cúmulo de saber popular non podía quedar esquecido, polo que neste momento se está a elaborar un libro Oleiros na memoria, no que recolle toda a información co obxectivo de que o resto dos veciños e veciñas poidan coñecer a historia do municipio a través da memoria dos nosos maiores. Esta publicación será en formato dixital. Contará con contidos audiovisuais e material interactivo, e será divulgado a través de internet para achegalo ás novas xeracións. Esta interesante obra verá a luz antes de final de ano.

O Concello demanda á Xunta de Galicia máis horas de Axuda no fogar para dependentes ▼

◆ O Concello de Oleiros solicitou á Xunta que incremente o número de horas do programa de Axuda no fogar para dependentes. Desde que empezou o sistema de atención á dependencia ao Concello de Oleiros fóronlle asignadas unhas horas de axuda no fogar que non se incrementaron, en concreto 1.139 horas mensuais. Estas horas son totalmente insuficientes para dar resposta ás necesidades dun concello como Oleiros, o noveno concello de Galicia en poboación que en cambio non ten asignadas as horas de axuda no fogar para dependentes que lle correspondería polo seu número de habitantes, xa que na actualidade ten moitas menos horas asignadas que os concellos de Bergondo, Betanzos, Cambre ou Arteixo, por poñer exemplos do contorno.



Con estas horas unicamente se pode atender a unha media de 30 persoas mensualmente, cando existen 50 persoas máis, co grao de dependencia recoñecido, agardando por este servizo de Axuda no fogar. O Concello, ante a imposibilidade de poder asumir máis casos desde a axuda no fogar a dependentes e, debido á gravidade da situación de moitos destes casos, está a atender á maioría destas persoas a través do Servizo de Axuda no Fogar denominado de libre concorrencia e para o que apenas ten financiamento da Xunta de Galicia. Razón pola que as persoas responsables de Servizos Sociais solicitaron con urxencia ao Goberno autonómico as horas que lle corresponden polos parámetros establecidos.

Aberto o prazo para solicitar axudas á Fundación Paz y González ▼

◆ Tras as conversas mantidas entre o Concello de Oleiros e o padroado da Fundación Paz y González, acordouse establecer unhas bases reguladoras das axudas que concede a dita entidade entre os veciños e veciñas máis desfavorecidos da parroquia de Iñás. Acordouse tamén que do 1 ao 30 de setembro será o prazo establecido para tramitar as ditas axudas no departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros.

Centos de oleirenses participan no programa de sendeirismo e excursionismo Ven e descubre 2013

◆ O programa de sendeirismo e excursionismo Ven e descubre 2013 chega ao seu fin cun extraordinario nivel de participación. A actividade, que este ano se levou a cabo co lema de *Investigar, descubrir e indagar na nosa identidade* poñerá o peche o próximo 12 de setembro cunha ruta por Xermade e Guitiriz. Este programa permite dar a coñecer Galicia ás persoas maiores dunha forma activa e didáctica. O obxectivo da actividade é estimular a relación co contorno a través dun proceso educativo e social que axude os participantes a comprender o que nos rodea favorecendo o crecemento persoal e social.



A exposición Palabras percorre parques e centros educativos do municipio ▼



◆ A exposición Palabras, composta por imaxes do fotógrafo Gabriel Tizón e debuxos do ilustrador Xaquín Marín será instalada en varios centros educativos do municipio tras permanecer no contorno do castelo de Santa Cruz e no parque José Martí de Santa Cristina durante o período estival. O obxectivo é espertar a inxerencia entre a mocidade e invitar á reflexión sobre os valores da nosa sociedade. Nesta interesante mostra os autores comparten unha mirada común a través de dúas artes sobre situacións cotiás a través do debuxo e a fotografía.

En total expóñense 30 obras, 15 de cada autor, que reflicten e ilustran o significado de palabras como amizade, amor, capitalismo, humor, emigración, educación, paz, guerra, cultura..., palabras de carácter atemporal que resumen as emocións que moven as persoas deste mundo ao longo do tempo na nosa sociedade. Imaxes educativas e reflexivas para os autores e o público en xeral, sen distinción de idades, culturas ou ideoloxías, unha invitación ao público a reflexionar en tempos de présas que nos levan a cometer continuos erros.

O médico de Salvador Allende impartirá unha conferencia sobre as últimas horas do presidente



◆ Óscar Soto Guzmán, quen foi médico do expresidente chileno Salvador Allende, impartirá unha conferencia en Oleiros coincidindo co 40 aniversario do golpe de estado chileno. Na charla, que terá lugar o día 14 deste mes ás 20.30 horas na Fábrica, Soto profundará no sucedido no Palacio da Moeda durante as últimas horas de vida do presidente e achegará aos asistentes o drama e a represión vivida polo pobo chileno durante o golpe e a posterior ditadura de Augusto Pinochet. Óscar Soto Guzmán é autor do libro *O último día de Salvador Allende*, no que explica a situación vivida por Allende e a súa visión persoal como testemuña sobre os acontecementos que rodearon a súa morte. Nos últimos tempos Soto foi un dos principais impulsores para abrir unha investigación oficial que esclareza o sucedido e deste xeito poder descartar as versións contaminadas difundidas polo réxime durante máis de 20 anos. Durante o acto proxectarase un curto documental.

Jorge Carrillo visitará en Oleiros o parque en honor ao seu pai e presentará a súa obra póstuma



◆ Jorge Carrillo Menéndez, fillo do histórico dirixente comunista visitará ao longo do mes de setembro o noso municipio para visitar o parque dedicado polo Goberno local ao seu pai na localidade de Santa María de Oleiros e presentará a obra póstuma de Santiago Carrillo, *Mi testamento político*. Trátase dun ensaio que fai balance da historia da España do último século feito por un das súas principais testemuñas. O texto percorre a figura de Alfonso XIII e o fracaso da monarquía constitucional; a esperanza, frustrada, de modernización de España que supuxo a Segunda República; a ameaza fascista en Europa nos anos trinta; a Guerra Civil e o longo exilio imposto pola ditadura franquista. Ademais profunda na Transición democrática, e a crise que hoxe nos atenaza.

A Fábrica acolle a exposición Afeitos aos Estados de Feito ▼

◆ A entrada do centro cultural A Fábrica acollerá desde o próximo 9 de outubro e ata o 23 dese mes unha interesante exposición na que se analizan as novas formas de vida internacional en zonas afectadas por conflitos residuais, latentes ou periféricos, pero de gran potencial desestabilizador. Na mostra se inclúen paneis que analizan a situación de países como Taiwán, Palestina, Somalilandia ou Nagorno-Karabaj. En total 37 millóns de persoas vense afectadas por estas guerras de baixa intensidade que teñen a súa orixe na Guerra Fía e nos procesos de descolonización. A mostra inaugurarase cunha conferencia de Roberto Mansilla Blanco, director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.



Nace a Escola Municipal de Hóckey ▼

◆ Oleiros pon en marcha unha nova actividade ata o de agora inexistente dentro do noso municipio. Trátase do **hóckey a patíns**, un deporte de equipo que ata o de agora por falta de instalación axeitada non era posible practicar, pero que coa nova pista do pavillón municipal de Oleiros, dispoñemos dunha das mellores instalacións de Galicia que queremos poñer ao servizo dos nosos rapaces e rapazas.

Esta actividade está destinada a nenos e nenas de 6 a 10 anos, onde a adquisición da destreza da patinaxe e as habilidades propias do xogo estarán dirixidas por profesores con ampla experiencia e formación. As sesións levaranse a cabo na Rabadeira os martes e xoves de 17.00 a 18.00 horas. O prezo é de 20 euros por mes para as persoas empadroadas e de 33 para as non empadroadas. Se queres que o teu fillo ou a túa filla participe podes solicitar máis información a través do correo electrónico l.alvedro@oleiros, ou ben chamando ao Concello.



Oleiros propón o surf como arma de loita contra a obesidade infantil ▼



◆ Oleiros propón a práctica do surf como método de prevención e loita contra o sedentarismo, o sobrepeso e o risco de obesidade en idade infantil e xuvenil. Para isto, pon de novo en marcha a actividade de surf para o curso 2013-2014, na que os rapaces e rapazas de entre 12 e 21 anos do municipio poderán practicar este deporte. As sesións levaranse a cabo no centro deportivo municipal da praia de Bastiagueiro desde o 1 de outubro ata o 13 de xuño coincidindo co calendario escolar. As clases serán os mércores e venres de 16.30 horas a 18.00 horas. As inscricións realizaranse na conserxería do centro educativo da persoa interesada ou na conserxería do Centro Municipal da Fábrica a partir do 13 de setembro.

Arranca o programa de natación escolar para infantil e primaria ▼

◆ Comeza unha nova edición do programa de natación escolar para infantil e primaria. Esta actividade lévase a cabo nas piscinas municipais da Fábrica, Oleiros e Dorneda desde finais deste mes ata o 13 de xuño de 2014 e realizarase unha sesión semanal coincidindo co propio calendario escolar.

O obxectivo desta actividade acuática é contribuír, a través da natación, ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas como complemento da motricidade básica, mellorando as capacidades físicas para escolares de infantil e potenciar as habilidades e destrezas motrices básicas para conseguir un dominio corporal para o alumnado de primaria. O prazo de inscrición ábrese o próximo 13 de setembro e permanecerá aberto ata o día 18. Esta inscrición realizarase na mesma piscina que corresponda segundo a actividade. Os formularios repartiranse o 12 de setembro nos centros de ensino e estarán á disposición das persoas solicitantes en calquera das catro piscinas.



A mala sorte priva o equipo feminino de promesas de bateis do Club de Regatas Perillo dun éxito no campionato de España ►

◆ A mala sorte privou as nenas do equipo feminino de promesas de bateis de loitar por disputar a final no campionato de España de remo que se celebrou a pasada primavera en augas ferrolás. Este equipo do Club de Regatas Perillo viña de proclamarse campión de Galicia e chegaba moi ilusionado á cita nacional, pero un campo de regatas pouco "democrático" pola distinta influencia que a corrente tiña nas súas rúas, privou as remeiras oleirenses de pelexar polo título. Xa o domingo, na final de consolación, a boia 5 tampouco axudou nada a obter un mellor posto, pero lograron o 8º posto no nacional de bateis o que pon un bo final a unha tempada impresionante.



Chega unha nova edición da liga local de fútbol sala ►

◆ O próximo 14 de outubro dará comezo a Liga Municipal de Fútbol Sala. O prazo de preinscrición será do 9 ata o 17 de setembro. As xornadas desta competida liga local se disputarán, como vén sendo habitual nos últimos anos, no pavillón municipal de Canide os martes e venres desde as 21.00 horas.

A diferenza entre arte e vandalismo ▼



◆ Grazas ao programa Oleiros máis Graffiti, o municipio conta cun novo mural. Nesta ocasión o muro elixido foi o do IES Miraflores de Oleiros. O artista encargado de realizar o debuxo foi o grafitero local Miguel Golmayo coa colaboración de David García. O Concello de Oleiros

invita a todos os artistas, a todos os grafiteros interesados en presentar as súas propostas no Centro de Información Xuvenil, na Fábrica. A idea é promover a arte e concienciar os mozos e as mozas das consecuencias do vandalismo.

Os puntos de asesoramento, un lugar de apoio para pais, nais e rapaces

◆ O próximo día 1 de outubro comeza a actividade nos puntos de asesoramento que se enmarcan dentro do programa de Educación para a Saúde. O Concello leva a cabo estas sesións todos os anos co fin de ser un apoio ás familias de Oleiros para que poidan desenvolver axeitadamente as súas funcións educativas e socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social. Estas sesións son individualizadas e están dirixidas por unha pedagoga. Todas as persoas interesadas en acudir poden solicitar cita chamando ao teléfono da Fábrica 981 636 598 ou por correo electrónico a c.xuventude@oleiros.org.



Tres novas citas do programa ◀ Andares por Galicia

◆ Para os últimos meses do ano o Centro de Información Xuvenil propón unha serie de rutas de sendeirismo que permiten coñecer Galicia e os seus lugares máis fermosos. O próximo sábado 7 de setembro visitarase os Canóns do Sil, o 5 de outubro o Val do Río Pequeno e o 9 de novembro a Fraga da Marronda. O prezo de cada ruta é de 20,00 euros para os veciños e veciñas de Oleiros e de 22,10 euros para as persoas de fóra do noso concello. As persoas interesadas poden inscribirse e informarse no Centro de Información Xuvenil, na Fábrica, no teléfono 981 636 598 ou no enderezo c.xuventude@oleiros.org.

Chega o IV Ciclo de teatro xuvenil

◆ Ao longo deste mes levarase a cabo no auditorio Gabriel García Márquez unha nova edición do Ciclo de Teatro Xuvenil, que presenta unha serie de obras teatrais representadas por rapaces e rapazas entre 12 e 14 anos. As citas serán o sábado 14 de setembro coa actuación do Grupo de Teatro Xuvenil Pasapadentro, de Arteixo, que interpretará *Tres Brujas con muchos humos*. O programa continuará o día 21 co pase de *La Casa de Bernarda Alba* do grupo de teatro e danza El Ruiseñor, de Culleredo. O punto final será o día 28 co pase de *Sorte de Cásina*, de Noite de Bohemia da Coruña.



O programa de Radio Desmárcate comeza unha nova tempada

◆ O 3 de outubro ás 13:00 comeza unha nova tempada do programa Desmárcate, programa radiofónico dedicado á educación para a saúde, programa informativo, de entrevistas e de asesoramento sobre temas relacionados coa educación dos nosos nenos e nenas, dos nosos rapaces e rapazas. Todos os xoves ás 13:00 horas en Radio Oleiros.



Mestizaxe étnica no festival de música Diversons 2013 ▶

◆ O auditorio Gabriel García Márquez de Mera acollerá o próximo sábado 7 de setembro a partir das 21.00 horas a celebración do Festival de Música Diversons. Esta interesante proposta musical reúne a músicos e conxuntos que interpretan música de raíz ou de inspiración tradicional co obxectivo de fomentar a integración e a convivencia entre culturas. A entrada será libre ata completar a capacidade da sala e as persoas asistentes poderán gozar das actuacións de Aziza Brahim e o seu Blues do Sahara e do grupo Primogénito e a súa proposta de música brasileira. Aziza Brahim, é unha cantante e percusionista nacida nos campamentos de refuxiados de Tinduf (Arxelia) que en 2009 se converte na primeira música saharauí en acadar o número un internacional. Os seus poemas e melodías reivindicán a cultura e a memoria dun país oprimido. Pola súa parte, Primogénito é un grupo que practica música afrobrasileira usando instrumentos típicos do folclore rexional feitos en madeira e cordas. No seu espectáculo recopian músicas de todas as épocas, pasando polo chorinho, a samba e os estilos do norte de Brasil.



Pola súa parte, Primogénito é un grupo que practica música afrobrasileira usando instrumentos típicos do folclore rexional feitos en madeira e cordas. No seu espectáculo recopian músicas de todas as épocas, pasando polo chorinho, a samba e os estilos do norte de Brasil.

O castelo de Santa Cruz acolle unha exposición do escultor Francisco Escudero ▼

◆ A sala de exposicións do castelo de Santa Cruz acollerá desde o próximo 27 de setembro e ata o 13 de outubro unha importante selección de obras do escultor Francisco Escudero. Esta mostra itinerante reúne esculturas feitas en granito, mármore, madeira e bronce, así como debuxos e fotografías da súa obra. Esta mostra ten como obxectivo difundir de forma didáctica o proceso creativo e técnico do autor.



O Festival Albéniz cumpre a súa XXIV edición

◆ Oleiros acolle unha nova edición do recoñecido Festival Albéniz. Nesta ocasión a banda búlgara Mandolin Quartet Seasons protagoniza a XXIV edición do Festival Internacional de Música de Pulso e Púa. O concerto terá lugar o próximo xoves 3 de outubro no auditorio do centro cultural A Fábrica, como é habitual o acceso será libre ata completar a capacidade da sala.



A Feira do Mel dará sabor ao mes de novembro ▶

◆ As inmediacións do mercado de Perillo acollerán unha nova edición da Feira do Mel do Concello de Oleiros que este ano chega ata a súa XXIV edición. Esta ineludible cita reunirá a principios de novembro os principais apicultores do país e doutras zonas da península, que porán á venda todos os seus produtos apícolas, desde o tradicional mel ata cremas estéticas. Ademais a xornada dominical estará chea de música e actividades de ocio que se prolongarán desde primeira hora da mañá ata última hora do día.



Regresan as actividades á Rede Municipal de Bibliotecas tras o parón estival ▼



◆ Regresan ás bibliotecas municipais o grupo de actividades impulsadas polo Concello de Oleiros. Tras o parón durante os meses de verán e ante o inminente inicio do curso escolar retómanse os horarios de programas como A hora do conto, as Tertulias literarias ou Ler conta moito.

O programa infantil de contacontos comezará a última semana de setembro, en concreto o día 23, coa actuación de María Noel Toledo e a historia *Instantánea de plastilina*. As sesións prolongáanse ao longo dos meses de outubro e novembro con máis de 25 espectáculos en todas as bibliotecas municipais. Todas as sesións serán ás 18.30 horas. Pola súa parte, as Tertulias literarias volven en outubro á Biblioteca Central Rialada en Perillo e na Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz. Na Biblioteca Central Rialada terán lugar quincenalmente os mércores ás 17.30 horas, e na de Santa Cruz os luns ás 18.30 horas. Haberá dous grupos de 20 persoas cada un.

Un final de ano cheo de música e teatro

■ O Concello de Oleiros propón unha interesante oferta de ocio cultural para a recta final do ano. A oferta para a fin de semana céntrase no teatro e na música e ten como centro neuráxico os auditorios Gabriel García Márquez de Mera e o auditorio do centro cultural A Fábrica, en Perillo.



Outubro



● 5 de outubro

O auditorio de Mera acolle o próximo sábado 5 de outubro ás 20.30 horas o pase da obra teatral *Un corazón perfecto*. Trátase dunha peza interpretada pola compañía Teterella Teatro baixo a dirección de

Carmen Blanco. A historia xira ao redor de Xulián Muíños, un peculiar protagonista que se ve enrolado nunha sorprendente aventura.

● 19 de outubro

A compañía teatral Mofa e Befá, presentará o vindeiro sábado 19 de outubro ás 20.30 horas no auditorio de Mera o seu espectáculo *Cociña económica*. Nesta comedia recrease un estudio de televisión onde se está a gravar un programa de cociña. Trátase de reproducir o esquema que se segue en tantos programas nos que un cociñeiro de gran prestixio presenta á audiencia unha receita de execución simple e custo reducido.



● 26 de outubro

A compañía Nova Galega de Danza, presenta o seu espectáculo "10", baixo a dirección de Jaime Pablo Díaz Rodríguez. A cita será o sábado 26 de outubro ás 20.30 horas no Gabriel Gracia Márquez de Mera. Con este espectáculo, NGD celebra o seu décimo aniversario. A duración aproximada será de 80 minutos.

▼ En decembro ademais...

O Concerto de Nadal das corais oleirenses, unha cita ineludible



◆ Como todos os anos polo Nadal, o Concello de Oleiros organiza unha xuntanza para que participen todas as corais de Oleiros, co fin de intercambiar impresións e recibir o novo ano. Este evento foi incrementando a súa popularidade ata converterse nunha cita ineludible na axenda. O concerto celebrarase o domingo 15 de novembro ás 19.30 horas no auditorio da Fábrica de Perillo.

Novembro



● 8 de novembro

O jazz será o protagonista na tarde noite do 8 de novembro no auditorio da Fábrica. A banda Monkillos presenta a súa interesante proposta musical nun concerto que será gratuíto. A banda interpreta temas de

Thelonious Monk, dándolle unha nova visión con certo toque de flamenco e son cubano.

● 15 de novembro

As sesións de jazz no auditorio da Fábrica continúan o venres 15 de novembro coa actuación de Quinito Mourelle e Roberto Somoza. A entrada será libre ata completar a capacidade da sala.




● 16 de novembro

O auditorio Gabriel García Márquez acollerá o sábado 16 de novembro ás 20.30 horas o pase da obra *Rosa de dous aromas*. A peza, interpretada pola compañía Teatro Proscrito, e do dramaturgo Emilio Carballido. Esta comedia trata sobre dúas mulleres reunidas na sala de espera dun cárcere e comezan a relacionarse cando descubren que veñen a visitar ao mesmo home. Unha delas é a muller. A outra a amante.

● 23 de novembro

A compañía teatral Malasombra Produccións, presenta o seu espectáculo *Misión Sapiens* de Jose Luis Prieto, baixo a dirección de Marcos Orsi. Será o próximo 23 de novembro ás 20.30 horas no auditorio de Mera. A historia xira ao redor dun destacamento de sabios cunha misión por cumprir: desterrar a ignorancia da túa vida.



● 30 de novembro

A compañía teatral Grupo Chévere, presenta en Oleiros o seu espectáculo *Eurozone*. Trátase dunha interesante farsa teatral sobre a crise da zona euro, sobre o fin da idea de Europa tal e como a entendemos ata agora, sobre un sistema democrático deslexitimado que só conta coa cidadanía para ir a votar cada certo tempo. A cita será o 30 de novembro ás 20.30 horas en Mera.

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

O cambio de Santa Cruz

Son un veciño de Santa Cruz. Levo seis anos vivindo nesta localidade. Sempre me gustou moito esta vila pero a verdade é que co derrubamento do vello hotel Maxi e coa creación da praza Esther Pita quedou estupendo. É increíble como a praza e a parcela liberada poden cambiar a vida dunha vila, xa que agora onde non había nada, agora hai un estupendo espazo para facer vida, que todos aproveitamos, especialmente os nenos e os maiores. Esta nova zona unida ao parque é un luxo tanto para os que vivimos aquí como os que veñen de visita.

O día da inauguración da praza chamoume a atención a cantidade de xente, moitísima, que se achegou ao acto. Todo o mundo se achegou a arroupar a Esther e todos os colectivos participaron neste acto. Eu a verdade é que non vivía en Oleiros cando esta muller foi alcaldesa, pero está claro que fixo moito por Santa Cruz e por Oleiros, porque todo o mundo lle ten un cariño especial.

F.D.G. (Santa Cruz)

Comisións de festas

As comisións de festas fan un traballo increíble para sacar adiante cada ano unhas datas tan sinaladas na vida dun pobo. Temos a sorte de vivir nun sitio onde hai moitas celebracións e datas sinaladas en cada pobo. Deste traballo desinteresado aproveitámonos todos á hora de pasalo ben e de disfrutar. Sen a xente que está nas comisións non habería festas, e menos agora na época que vivimos. Creo que todos debemos axudar a conservar a nosas festas porque son parte da cultura do lugar onde vivimos. Se non estamos dispostos a traballar ou simplemente non podemos, polo menos podemos axudar cunha pequena aportación e co apoio e o respecto aos nosos veciños e veciñas.

Anónimo (Un lugar chamado mundo)

Un árbol, Es Un árbol

Según el diccionario de la Real Academia de la Lengua un Árbol es: "*Planta perenne, de tronco leñoso y elevado, que se ramifica a cierta altura del suelo*". Un árbol, es un árbol, tanto sea una palmera o un platanero.

El árbol nos permite vivir y también morir.

Para aquellos que destruyen los árboles, habría que preguntarles:

¿Para que sirven los árboles? ...

El árbol es una infinita fuente de vida, con su proceso de fotosíntesis nos purifica el aire que respiramos.

Nos da sus frutos, transformándose en una importante fuente de alimentación.

Nos cobija del calor, con su sombra.

Nos da madera, para construir viviendas, escuelas, ataúdes...

Nos da leña, para cocer los alimentos.

Nos ayuda a combatir el frío, dándonos su calor.

Nos da sus medicinas, para curar enfermedades.

Nos da el caucho, para fabricar los neumáticos de los vehículos en los que nos desplazamos.

Nos da cultura, a través de los libros de papel, confeccionados con la pasta obtenida de ellos.

Para alguien que un día logró ver al otro lado de las rejas a una pareja pasar *bajo los árboles* y constató con ello lo que de verdad es la pérdida de la libertad.

Para las caravanas que atraviesan los desiertos, los oasis con sus palmeras son más que una sombra que los cobija, son su supervivencia.

Para las guerrillas que luchan por la liberación de sus pueblos, los bosques de las montañas son su lugar de organización y vida.

Para las parejas de enamorados que se pasean bajo los árboles, son algo más que una planta perenne.

¿*Decidme cómo es un árbol?*..., preguntaba el poeta Marcos Ana desde una cárcel franquista. Nadie contestaba a su pregunta, en la soledad más absoluta de las soledades.

Los seres humanos hemos llegado a un estado máximo de destrucción de la naturaleza, destruir selvas vírgenes para cultivar el producto de moda de exportación, es visto por esta sociedad como un avance hacia la modernidad. Destruir paisajes medioambientales con el fin de especular con su suelo para la construcción de hoteles o pisos de lujo, se ve como una fuente de riqueza para el lugar. Todo lo que poseemos nos parece poco en el afán especulativo. ¿Cuántos países de los que se hacen llamar civilizados, condenaron el uso que hacia Estados Unidos del *agente*

naranja, para desfoliar la selva vietnamita con la finalidad de aniquilar la resistencia?, Ninguno. Después de cuarenta años este herbicida sigue afectando a más de tres millones de personas con enfermedades y problemas congénitos.

Existe un famoso dicho popular que dice: En esta vida hay que hacer tres cosas: escribir un libro, plantar un árbol y tener un hijo, y en vez de seguir esta máxima popular, lo que estamos haciendo es quemar los libros, cortar o envenenar los árboles y matar a los hijos.

Desgraciadamente todo lo anterior se esta haciendo ante la mirada displicente de la sociedad. Se invaden países asesinando a sus habitantes, destruyendo su naturaleza, saqueando sus museos y bibliotecas con el afán de hacerse con sus recursos naturales, dígame petróleo, principalmente.

Si la sociedad actual acepta que todo esto suceda. ¿Por qué no aceptar que en un lugar público se envenene un árbol que no deja ver el paisaje desde la ventana?. Será porque el árbol no nos deja ver el bosque.

Omar Contreras Flores (Mera)

Para cando o remate da obra da N-VI?

Unha estrada tan importante como é a N-VI para a comarca da Coruña non pode estar máis tempo no estado en que a ten o Ministerio de Fomento. Non só é unha vergonza o estado no que se atopaba a contorna da calzada, o cal o Ministerio só decidiu arranxar despois de que os veciños nos vísemos obrigados a mobilizarnos para esixir unha solución, senón que as obras de ampliación levan un atraso inadmisibile. Si é verdade que os traballos se aceleraron agora, todos os que vivimos preto desta estrada e usámola todos os días sabemos como foi este proceso e tivemos que sufrir as retencións. A obra estivo parada durante meses o pasado ano, un que pasa por alí todos os días polo menos catro veces co coche era incapaz de ver a ninguén traballando. Ademais había problemas de seguridade para os que alí vivimos. O que sucedeu o pasado mes co acceso ao Pinar e coas paradas de autobús son un exemplo máis do deixamento e do abandono de Fomento con este tema.

DVP (O Carballo)

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



34.701 habitantes empadroados/as!

Ata o 23 de agosto, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.383
DORNEDA (San Martiño)	3.411
IÑÁS (San Xurxo)	1.213
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.033
MAIANCA (San Cosme)	1.304
NÓS (San Pedro)	4.761
OLEIROS (Santa María)	2.929
PERILLO (Santa Leocadia)	8.110
SERANTES (San Xulián)	1.557
TOTAL	34.701

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> Mª DOLORES PEÑALVER BARRAL Avda. das Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 30 de agosto ao 5 de setembro Do 15 ao 21 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Rabián, nº 1 A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 	Do 6 ao 12 de setembro Do 22 ao 28 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA ROSA DE ALMOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 	Do 13 ao 19 de setembro Do 29 de novembro ao 5 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 	Do 20 ao 26 de setembro Do 6 ao 12 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 	Do 27 de setembro ao 3 de outubro Do 13 ao 19 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 	Do 4 ao 10 de outubro Do 20 ao 26 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 	Do 11 ao 17 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 	Do 18 ao 24 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 	Do 25 ao 31 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 	Do 1 ao 7 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> 	Do 8 ao 14 de novembro


Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	19 setembro / 19 outubro / 17 novembro
Mingua	27 setembro / 27 outubro / 25 novembro
Nova	5 setembro / 5 outubro / 3 novembro
Medra	12 setembro / 12 outubro / 10 novembro

Aprobada a reordenación da futura urbanización en Corredoira das Viñas, en Perillo

• A modificación, que foi solicitada polo Concello, mellora a calidade urbanística desta zona que estará conectada coa rúa Neira Vilas e coa rúa do Pombal



	Vivenda colectiva		Zonas verdes
	Vivenda acaroadada		Solo dotacional
	Novas vías		



◆ A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aprobou definitivamente a modificación parcial do POL-16, zona coñecida como Corredoira das Viñas, en Perillo. Esta aprobación permite a realización da urbanización do ámbito desta zona situada entre a avenida Che Guevara e o alto de Perillo. A modificación, que foi solicitada polo Concello, tiña como finalidade situar de novo os espazos construtivos para que estes non limitasen as vistas, así como conxugar os espazos verdes e dotacionais para dar un mellor uso destes e, en definitiva, mellorar a calidade urbanística desta zona.

Con esta aprobación definitiva, o Concello procederá xa á contratación do proxecto de reparcelación, así como o de urbanización, pretendendo, se é posible, que antes de finalizar o presente exercicio poidan saír a contratación as obras. Estes traballos permitirán contar cunha mellor conexión desde o hostel Brial ata a conexión coa rúa Neira Vilas e a construción de novas vías que comunicarán a rúa do Pombal coas vías anteriormente citadas. Así mesmo, esta urbanización prevé unha ampla zona verde, un solo de uso dotacional, unha parte de vivenda colectiva e outra zona destinada a vivendas acaroadas.